

## PROTOCOLO DE COORDINACIÓN

GRAOS

Facultade de Filoloxía

Data de aprobación nas Comisións Académicas dos Graos: 23/09/2022

### **REPRESENTANTES DO ALUMNADO**

Facilitar a interlocución entre alumnado e profesorado, transmitindo as peticións e suxestións do estudantado á coordinación de grao e viceversa.

Eleccións dos/as representantes do alumnado nas comisións académicas : setembro/outubro

### **COORDINADOR/A DA MATERIA OU PROFESOR/A RESPONSABLE DA MATERIA**

Elaborar a programación da materia en colaboración, se é o caso, cos outros profesores/as da mesma para cada curso académico, comprobar que a programación da materia se axusta ao que figura no plan de estudos do título e colaborar coas coordinacións de grao na implantación de posibles accións de mellora para o título.

### **COORDINADORES/AS DE CURSO/MENCIÓN**

Formar parte da Comisión Académica do Grao (coordinadores/as mención)

Responsabilizarse da Aula Virtual de coordinación de curso, se houbera.

Velar pola coordinación entre materias (baleiros e duplicidades entre as materias do curso/mención, carga de traballo)

Organizar reunións ou titorías co alumnado.

Recoller as propostas do profesorado e do estudantado en cuestións relativas á organización e docencia das materias, e comunicalas aos/ás coordinadores/as do grao

### **COORDINADORES/AS DE GRAO**

Organizar o bo funcionamento do título, en colaboración co equipo decanal, exercendo a organización das actividades dos coordinadores de curso/mención, a coordinación cos departamentos e cos outros títulos de Grao que se imparten no centro.

Velar pola coordinación entre materias (baleiros e duplicidades entre as materias da titulación, carga de traballo)

Promover accións que permitan mellorar o desenvolvemento do plan de estudos e recoller suxestións e problemas en relación á titulación.

Responsabilizarse de Aula Virtual de coordinación do grao.

Formar parte da Comisión Académica do Grao, da Comisión do Traballo de Fin de Grao e da Comisión de Calidade do Centro, segundo se recolle no Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía.